



No marco da asociación Comenius Regio CLICT, desenvolvida pola Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa xunto co Devon County Council, de Gran Bretaña así como as Universidades de Plymouth e de Santiago de Compostela e os centros CPI O Cruce de Cerceda e Stokeinteignhead Primary School de Devon, celebrouse unha xornada sobre as actividades realizadas no marco da asociación, na cidade de Exeter.

Nesta asociación CLICT analízanse as competencias dixitais do alumnado de 5 a 16 anos nas dúas rexións implicadas, estase desenvolvendo tamén un catálogo desas competencias así como materiais e metodoloxías de ensino utilizando as tecnoloxías de información e comunicación; ao que hai que engadirlle as comunicacións e traballos realizados polos alumnos dos centros educativos implicados. Como remate do proxecto está prevista a celebración dunha conferencia final en Santiago de Compostela o 20 de xuño de 2011.

As asociacións Comenius Regio desenvólvense entre institucións locais e rexionais con responsabilidade na educación escolar para fomentar a cooperación interrexional a nivel europeo.

Poden atopar máis información sobre a asociación CLICT en:

<http://centros.edu.xunta.es/cpiocruce/comeniusregio>

<http://www.ejournal.fi/ipm710>